



Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e
Innovación Educativa
**REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE
GALICIA**

Modelo MD75PRO01

Programación oficial da clase de Arpa para o curso 2018-19

ÍNDICE

1.Introdución	4
2.Metodoloxía	5
3.Atención á diversidade	6
4.Temas transversais	7
4.1Educación en valores	7
4.2Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)	7
5.Actividades culturais e de promoción das ensinanzas	8
5.1Actividades extra-escolares para o desenvolvemento artístico.	8
5.2Actividades extra-escolares para o desenvolvemento persoal.	9
6.Secuenciación do curso	9
6.1Curso: 1º Grao Elemental.....	9
6.2Curso: 2º Grao Elemental.....	16
6.3Curso: 3º Grao Elemental.....	23
6.4Curso: 4º Grao Elemental	30
6.5Curso: 1º Grao Profesional	38
6.6Curso: 2º Grao Profesional	45
6.7Curso: 3º Grao Profesional.....	52
6.8Curso: 4º Grao Profesional.....	59
6.9Curso: 5º Grao Profesional	66
6.10Curso: 6º Grao Profesional	73
7.Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica	81
8.Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento.....	81
9.ANEXOS	83
9.1Probas de acceso 1º de grao profesional.....	83
9.2Probas de acceso a outros cursos	84
9.3Criterios para a obtención dos premios fin de grao	85
9.4 PROGRAMACIÓN ESPECÍFICA DE ARPA SECCIÓN BILINGÜE	86
NOTA IMPORTANTE: O ALUMNADO DA SECCIÓN BILINGÜE DE ARPA AXUSTARASE AO CUMPRIMENTO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA XERAL DE ARPA COAS SEGUINTEES ESPECIFICACIÓNS.	86



1. Introducción

A lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 45 que as ensinanzas artísticas teñen coma finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música.

Grao Elemental: No artigo 48 preceptúa que as ensinanzas elementais de música terán as características e a organización que as administracións educativas determinen. Ditas características veñen dictadas no posterior decreto de 27 de Setembro de 2007. A finalidade do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquiera a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional.

Grao Profesional: A lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 6.2 que o goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas, os contidos e os criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Asemade, a citada lei orgánica no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas.

Para o grao elemental a devandita lei orgánica desenvólvese no decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música, e para o grao profesional no decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música.

A presente programación dá concreción a dito decreto a nivel de aula, e será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste departamento no Conservatorio Profesional de Música de A Coruña.

A finalidade do **grao elemental** é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquiera a calidade necesaria que permita acceder ao grao profesional.

O **grao profesional** ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais, e ordénase

en catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores.

2. Metodoloxía

No grao elemental, o alumnado contará cunha clase individual de sesenta minutos e a posibilidade de participar, en función da disponibilidad do centro, nunha clase colectiva que complementará os contidos da clase individual e fomentará o traballo en grupo.

As actividades didácticas que se levarán a cabo nas clases son as seguintes:

- Traballo de obras, estudos e exercicios que permitan o desenvolvemento dos obxectivos e contidos propios do curso.
- Contextualización das obras a través do análise e compilación de datos que levarán a cabo os alumnos sobre os autores e períodos musicais.
- Traballo da lectura a primeira vista.
- Audicións que permitan a mellora da capacidade crítica dos estudantes e que favorezan a estimulación da práctica na casa.
- Traballo da música en grupo nas clases colectivas.
- Participación nas audicións propostas polo departamento co fin de exteriorizar o traballo realizado ao longo do curso.

No grao profesional, alumnado contará cunha clase individual de sesenta minutos. As actividades didácticas que se levarán a cabo nas clases son as seguintes:

- Participación en audicións e actividades programadas polo departamento.
- Utilización dun equipo de gravación para rexistrar a interpretación total da obra o de algunha sección en especial.
- Explicación por parte do profesor da partitura correspondente, a través do análise nos seus aspectos formais, melódicos, harmónicos e outros adaptados ó curso correspondente.
- Audicións de obras ou fragmentos de diferentes estilos e posterior debate sobre os distintos aspectos que as conforman.
- Traballo de lectura a primeira vista.

- Traballos escritos de contextualización sobre as obras que se van a interpretar.
- Traballo da improvisación e harmonía para a aplicación as obras que se están a estudar.

3. Atención á diversidade

O alumnado do conservatorio habitualmente esta dentro dun nivel sociocultural e económico medio-alto, cunha gran capacidade de traballo pois ten que compaxinar os estudos de musica cos de ensinanzas xerais. As motivacións para estudar no conservatorio son distintas e poden variar conforme se suceden os cursos. Os motivos polos que inician os estudos musicais poden ser por iniciativa dos pais, por vocación, como actividade de entretemento, por inercia dun grupo de amigos, etc. Teremos un alumnado diferente en canto a motivacións, aptitudes e ritmos de traballo, polo que será de vital importancia a atención á diversidade do alumnado para adaptarse ás súas necesidades e realizar unha acción educativa eficaz.

A vía para o tratamento da diversidade é a adaptación curricular, que e o conxunto de acción dirixidas a adecuar o currículo ás necesidades dun alumno ou grupo determinado.

Dependendo das circunstancias que se presenten no aula, o profesor poderá plantexar as seguintes estratexias:

1. Adaptacións do material didáctico.
2. Variacións da metodoloxía.
3. Proposta de actividades de traballo alternativas.
4. Organización do traballo de forma flexible.
5. Cambio na temporalización dos novos contidos.

4. Temas transversais

4.1 Educación en valores

A educación no ámbito musical non debe acabar no simple feito do desenvolvemento de destrezas técnicas e un desenrolo da sensibilidade musical. Para unha formación integral do alumnado tamén é importante o tratamento de contidos transversais.

Estes contidos que responden á realidade da vida cotiá no ámbito social son esencialmente de carácter actitudinal e representan uns elementos educativos básicos que deben incorporarse nas diferentes áreas co fin de conseguir unha plena integración do

alumnado na sociedade actual. O tratamento destes contidos debe espertar no alumnado una especial sensibilidade cara a dita realidade.

O carácter participativo e colaborador da práctica musical, facilita a incorporación destes temas ao aula especialmente na práctica de conxunto. Temas como a igualdade de oportunidades entre sexos, o derrube das barreiras raciais, a educación para a saúde, compromiso co medio ambiente ou educación para a paz, poderán ser incorporados tanto na clase individual como na de conxunto.

4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

A irrupción das tecnoloxías da información e da comunicación na nosa vida cotiá é cada día mais patente, a súa utilización esténdese ata ámbitos insospeitados. O estudo da música nos conservatorios cingúese, na maioría dos casos, á práctica interpretativa empregando instrumentos tradicionais. Incluso nestas circunstancias, que a priori poden parecer pouco dadas ao uso das TIC's, pódense empregar co fin de complementar e facilitar o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

O uso de materiais audiovisuais relacionados coa materia xa non é unha novidade nos tempos que corren, especialmente dende a aparición de plataformas dixitais como YouTube, Vimeo, Spotify, etc. Estas plataformas unidas á compartición masiva de material audiovisual facilita o seu uso no aula para a exemplificación das posibilidades sonoras e técnicas dos instrumentos, e a exploración de diferentes posibilidades interpretativas ante un mesmo texto musical. Por outro lado a facilidade de xerar dito material con ferramentas cada vez máis accesibles (videocámaras, grabadoras, tablets, teléfonos, etc) permite analizar no aula as propias actuacións ou interpretacións e así aportar un maior grado de obxectividade á percepción de si mesmo que ten o alumno.

O material en formato electrónico (partituras, textos, etc.) tamén será útil no desenvolvemento das diferentes actividades da materia xa que facilita a rápida distribución do mesmo entre o alumnado, así como o seu rápido acceso no aula no caso de dispoñer dos dispositivos correspondentes. As plataformas de almacenamento como Dropbox o GoogleDrive permiten a creación de espazos de compartición de material electrónico para os alumnos que poden ser controlados polo profesor.

Os motores de busca tamén serán de gran utilidade especialmente á hora de recompilar información referente ao propio instrumento, obras, compositores, etc.

O uso de todos os materiais relacionados coas TIC's empregados no aula debe respectar en todo momento as leis distribución e da propiedade intelectual dos mesmos.

5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

As actividades extra-escolares son esenciais para o desenvolvemento persoal e artístico do alumnado. Desta forma, dividiremos estas actividades en dúas categorías: actividades extra-escolares relacionadas coas artes e as relacionadas co desenvolvemento físico e persoal.

5.1 Actividades extra-escolares para o desenvolvemento artístico.

É importante que o alumno, como músico, este exposto a outras manifestacións artísticas. Por iso será importante que o alumno coñeza e se enriqueza con visitas ao museo, exposicións, representacións de obras teatrais, espectáculos de danza clásica, moderna e folclórica e todo aquilo que poida relacionar máis adiante coa música que interpretará. Como alumno de guitarra, sería conveniente que fose a concertos de folk, jazz, música clásica e popular. Ademais, mediante os concertos sinfónicos e de agrupacións camerísticas, percibirá o timbre sonoro doutros instrumentos que poderá aplicar sempre nas diferentes voces da música para arpa. O departamento de corda pulsada fomentará o desenvolvemento artístico mediante a promoción das seguintes actividades:

1. Realización de cursos no segundo trimestre.
2. Programación de intercambios con outros conservatorios no segundo trimestre.
3. Organización de concertos en cada un dos trimestres con artistas invitados.
4. Organización de concertos en colexios, museos e institucións culturais por parte do alumnado.
5. Participación do ensamble de guitarras e harpas nas actividades organizadas polo departamento.

5.2 Actividades extra-escolares para o desenvolvemento persoal.

É moi importante que como músicos e dende unha temperá idade, comprendamos que ao tocar un instrumento desgastamos o noso corpo coma se fóssemos atletas profesionais. Por iso, debemos manter a nosa forma física sempre activa e forte. Como

guitarrista, o alumno utiliza os músculos das costas, brazos, mans e dedos continuamente. Desta forma, será importante que o alumno reforce a musculatura xa citada e os tendóns dos brazos mediante a práctica de actividades físicas. Os deportes máis apropiados, ademais de facer estramonios antes de tocar, serían a natación, pilates, circuítos de ximnasia predeterminados por un especialista e tamén o ioga e tai-chi. Cabe destacar a importancia da relaxación, non só á hora de tocar, senón tamén na vida cotiá. As actividades como ioga e tai-chi contribuirán á práctica da respiración diafragmática, a relaxación e tamén ao control da respiración, meditación e concentración. Por iso, estas disciplinas orientais, cumpren a esencia da famosa frase: *"Mens sana en corpore sano"*.

6. Secuenciación do curso

6.1 Curso: 1º Grao Elemental

6.1.1 Obxectivos

- Coñecer a morfoloxía e breve historia da arpa
- Empregar unha axeitada posición corporal na práctica instrumental que posibilite e favorezca a acción relaxada do conxunto brazo-antebrazo-dedos .
- Conseguir os principios dunha técnica relaxada na arpa
- Entender e practicar o proceso da execución de son e desenvolver o oído musical
- Asimilar bos hábitos de estudo
- Estudar obras de diferentes estilos de acordo co nivel do curso
- Tocar en público gozando da música aplicando os conceptos de técnica relaxada e calidade de son

6.1.2 Contidos

Morfoloxía e breve historia da arpa

- Presentación da arpa celta e a arpa de pedais
- Orixines da arpa e o seu revolución ata os nosos días

Posición na arpa



- Importancia da relaxación e a respiración diafragmática
- Colocación correcta de pernas, madeiro, costas, ombros, brazos, cóbados e mans tendo en conta o punto de suxeición, é dicir, de onde se crea a forza.

Introdución á técnica relaxada da arpa: a importancia do son

- Proceso de produción do son: mover, tocar, articular, relaxar
 - Posición fixa: posición 4-3-2-1
 - Peculiaridades de cada dedo
 - Posicións do 2
 - Diferenzas da man dereita e esquerda
 - Posición de 2 -1
 - Mans separadas e mans xuntas ao unísono ou en polifonía
 - Intervalos harmónicos
 - Intervalos melódicos
 - Posición 3-2-1
- Efectos: p.d.l.t, sons xylophone, glissandos, apagado

Proceso da execución de son

- Entendemento das partes do proceso
- Naturalización dos movementos: anticipar, mover, articular, relaxar, prolongar
- Diferenciación dun bo son
- Busqueda do son individual
- Dinámicas e introdución aos acentos
- Apreciación de sons simultáneos: sons individuais en mans xuntas, sons simultáneos na mesma man e sons simultáneos a mans xuntas

Hábitos de estudo

- Iniciación a un estudo eficaz, ameno e constante



- Autoavaliación: cara a un alumnado con criterios independentes

Audicións

- Entendemento e aceptación do "medo escénico"
- Técnicas de relaxación e a aspiración diafragmática
- Práctica dos "simulacros de concertos" en clases colectivas, diante dos seus amigos, etc...

Desenvolvemento do oído musical

- O oído como guía do músico: touca, escoita, reflexiona
- Conceptos de afinación da arpa
- Concepción do sons individuais e simultáneos

6.1.3 Avaliación

O profesor avaliará aos seus alumnos tendo en conta os obxectivos, os criterios de avaliación e os mínimos esixibles establecidos nesta programación para o seu curso. A avaliación será continua, cualitativa e integradora e o profesor valorará de forma constante o progreso dos alumnos ao longo de todo o curso, así como as probas realizadas, a súa asistencia e actitude.

Dada a progresividade da materia, a atención personalizada do alumnado na mesma, e a aplicación da avaliación continua, a cualificación en cada trimestre representará a valoración do progreso realizado ata ese momento. Polo tanto, a cualificación obtida no terceiro trimestre será a cualificación final do curso.

Criterios de avaliación

- Empregar unha axeitada posición corporal na práctica instrumental que posibilite e favorezca a acción relaxada do conxunto brazo-antebrazo-dedos .
- Demostrar o coñecemento dos recursos e técnicas básicas da arpa.
- Dominar as posicións técnicas de 2, 21, 321 e 4321 en ambas as mans logrando un son de calidade en cada unha delas e aplicalas correctamente nas obras a traballar.

- Interpretar seis estudos ou obras amosando a capacidade de aprendizaxe progresiva e individual.
- Interpretar en público, como solista obras representativas do seu nivel no instrumento, con seguridade e control da situación.
- Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión acorde co nivel do alumno.
- Interpretar música de conxunto. (a condición de que se ofrezca unha clase colectiva no curso)

Mínimos esixibles

- Conseguir interiorizar as posicións técnicas de 2, 21, 321 e 4321 en ambas as mans logrando un son de calidade en cada unha delas
- Estudar e interpretar con precisión rítmica, melódica, armónica e de fraseo polo menos tres obras durante o curso
- Tocar tendo en conta a importancia da respiración, relaxación, precisión técnica e rítmica e a calidade de son
- Tocar en público polo menos dúas veces en todo o curso con fluidez, unha interpretación persoal do acordo co estilo da obra, gozo e autocontrol para lograr a comunicación co oínte.

Procedementos e ferramentas de avaliación

- Control individual da aprendizaxe mostrado nas clases semanais.
- Seguimento do rendemento, interacción e comportamento en grupo, nas diferentes actividades deseñadas ao efecto.
- Observación do grado de consecución dos obxectivos do curso a través de probas obxectivas deseñadas dende a especialidade.
- Exposición pública do traballo realizado mediante a participación nas audicións.

Criterios de cualificación

- Criterio técnico: 30%



- Empregar unha axeitada posición corporal na práctica instrumental que posibilite e favorezca a acción relaxada do conxunto brazo-antebrazo-dedos .
- Interiorizar as posicións técnicas de 2, 21, 321 e 4321 en ambas as mans logrando un son de calidade en cada unha delas
- Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión acorde co nivel do alumno.
- Criterio interpretativo: 30%
- Aplicar nas obras as posicións técnicas e a calidade do son
- Interpretar seis obras ou estudos amosando a capacidade de aprendizaxe progresiva e individual.
- Interpretar en público, como solista obras representativas do seu nivel no instrumento, con fluidez, unha interpretación persoal do acordo co estilo da obra, gozo e autocontrol para lograr a comunicación co oínte.
- Interpretar música de conxunto (a condición de que se ofrezca unha clase colectiva no curso)
- Criterio Actitudinal: 40%
- Interpretar tres obras ou estudos amosando a capacidade de aprendizaxe progresiva e individual.
- Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión acorde co nivel do alumno.
- Interpretar en público, como solista obras representativas do seu nivel no instrumento, con fluidez, unha interpretación persoal de acordo co estilo da obra, gozo e autocontrol para lograr a comunicación co oínte.
- Interpretar música de conxunto (a condición de que se ofrezca unha clase colectiva no curso)



Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para solicitar a concesión de ampliación de matrícula nesta materia o alumno deberá demostrar capacidade de traballo para o aproveitamento da ampliación así como ter superados os obxectivos e os contidos do curso na última clase antes da reunión da comisión que elevará dita solicitude ao consello escolar quen poderá conceder a dita ampliación.

6.1.4 Medidas de recuperación

Dado o carácter progresivo da materia, tendo en conta a atención individualizada na mesma e a aplicación da avaliación continua, a recuperación das avaliacións suspensas integrarase dentro das actividades e probas programadas na seguinte avaliación ou poderá contemplar actividades de reforzamento dos aspectos que precisen mellora. Deste xeito, as avaliacións que non foran cualificadas positivamente consideraranse aprobadas se o alumno obtivera cualificación positiva na seguinte avaliación.

Para os alumnos que teñan a materia pendente de cursos anteriores realizarase un plan de traballo específico que contemple os obxectivos e contidos que aínda precisen ser superados ou mellorados e que poderá constar de actividades de reforzo, modificación das probas do curso ou probas complementarias.

Procedementos de recuperación ordinarios

Os alumnos que perderon o dereito á avaliación continua por catro faltas de asistencia sen xustificar segundo se recolle no RRI do centro, terán que facer nas últimas semanas o curso unha proba na que presentarán polo menos os seguintes contidos do apartado mínimos esixibles:

- Empregar unha axeitada posición do corpo e a arpa na práctica instrumental.
- Demostrar o coñecemento dos recursos técnicos e da produción do son básicos na arpa.
- Interpretar un mínimo de tres obras ou estudos incluídos nos recursos didácticos.

▪ Os criterios de cualificación serán os mesmos que os aplicados para o curso, agás o de interpretar música de conxunto e considerando a interpretación en público ante o profesor asignado para realizar dita proba.

Probas extraordinarias de setembro

Os alumnos que non obtiveron a cualificación positiva na avaliación de xuño poderán presentarse a proba extraordinaria de setembro e deberán presentar os seguintes contidos do apartado mínimos esixibles:

- Empregar unha axeitada posición do corpo e da arpa na práctica instrumental.
- Demostrar o coñecemento dos recursos técnicos e da produción do son na arpa.
- Interpretar un mínimo de tres obras ou estudos incluídos nos recursos didácticos.
- Os criterios de cualificación serán os mesmos que os aplicados para o curso, agás o de interpretar música de conxunto e considerando a interpretación en público ante o profesor asignado para realizar dita proba.

6.1.5 Recursos didácticos

- Tratado analítico de la técnica y estética del arpa, M.R. Calvo-Manzano
- Complete Method for Harp, H. Renié
- The ABC of Harp Playing, L. Lawrence
- First Grade Pieces for Harp, M. Grandjany & J. Weindsensaul
- Les Plaisirs de la Harpe, H. Geliot
- Golden Harp, D. Bouchard
- "O pequeno mundo dos nenos", de M^a Rosa Calvo-Manzano
- Little Harp Book, M. Grandjany

6.2 Curso: 2º Grao Elemental

6.2.1 Obxectivos

- Empregar unha axeitada posición corporal na práctica instrumental que posibilite e favorezca a acción relaxada do conxunto brazo-antebrazo-dedos .
- Seguir desenvolvendo os principios dunha técnica relaxada na arpa
- Entender e practicar o proceso da execución de son e desenvolver o oído musical
- Asimilar bos hábitos de estudo
- Estudar obras de diferentes estilos de acordo co nivel do curso
- Tocar en público gozando da música aplicando os conceptos de técnica relaxada e calidade de son

6.2.2 Contidos

Posición na arpa

- Importancia da relaxación e a respiración diafragmática
- Colocación correcta de pernas, madeiro, costas, ombros, brazos, cóbados e mans tendo en conta o punto de suxeición
- Introducción á técnica relaxada da arpa: a importancia do son
- Posición 4-3-2-1 con todas as súas variantes de mans xuntas
- Posición 2-1 con pases
- Mans separadas e mans xuntas ao unísono ou en polifonía
- Intervalos harmónicos
- Intervalos melódicos
- Escalas: dicitación dos pases do 4, 3 e 2
- Efectos: p.d.l.t, sons xylophone, glissandos, harmónicos, uña
- Introducción as técnicas de expresión e limpeza: acentos e apagados

A calidade do son

- Interiorización do proceso de produción de son
- Práctica das diferentes dinámicas
- Adestramento dos movementos de relaxación internos

A afinación da arpa

- Desenvolvemento da afinación con aparato
- Identificación e corrección das notas desafinadas correspondentes a calquera dos rexistros da arpa

Introducción á usaxe dos pedais (a condición de que que o alumno sexa suficientement alto para tocar no arpa de pedal. Os alumnos que toquen en arpa celta, quedan exentos desta aprendizaxe durante o curso)

A memoria

-Adestramento da técnica de memorización dende pequenos fragmentos ata chegar a obras completas

A preparación para a actuación pública

- Traballo mental persoal da comprensión e aceptación do medo escénico
- Práctica do control de respiración en situacións límites
- Práctica da relaxación e inmersión no estado concentración

Música de Conxunto a dúas arpas (cando sexa posible impartir a clase colectiva no curso)

- Definición e práctica dos conceptos básicos para tocar en grupo
- Análise da obra
- Ensaio de grupo

6.2.3 Avaliación

O profesor avaliará aos seus alumnos tendo en conta os obxectivos, os criterios de avaliación e os mínimos esixibles establecidos nesta programación para o seu curso.

A avaliación será continua, cualitativa e integradora e o profesor valorará de forma constante o progreso dos alumnos ao longo de todo o curso, así como as probas realizadas, a súa asistencia e actitude.

Dada a progresividade da materia, a atención personalizada do alumnado na mesma, e a aplicación da avaliación continua, a cualificación en cada trimestre representará a valoración do progreso realizado ata ese momento. Polo tanto, a cualificación obtida no terceiro trimestre será a cualificación final do curso.

Criterios de avaliación

- Empregar unha axeitada posición corporal na práctica instrumental que posibilite e favorezca a acción relaxada do conxunto brazo-antebrazo-dedos .
- Demostrar o coñecemento dos recursos e técnicas básicas da arpa.
- Dominar as posicións técnicas dos intervalos armonicos e melodicos, pases cos dedos 2, 3 e 4 e as posibles variantes da posición 4321 sempre coa maior calidade de son e incorporándoas nas obras
- Interpretar seis estudos ou obras amosando a capacidade de aprendizaxe progresiva e individual.
- Interpretar en público, como solista obras representativas do seu nivel no instrumento, con seguridade e control da situación.
- Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión acorde co nivel do alumno.
- Interpretar música de conxunto. (a condición de que se ofrezca unha clase colectiva no curso)

Mínimos esixibles

- Conseguir interiorizar as posicións técnicas dos intervalos armonicos e melodicos, pases cos dedos 2, 3 e 4 e as posibles variantes da posición 4321 sempre coa maior calidade de son e incorporándoas nas obras
- Estudar e interpretar con precisión rítmica, melódica, armónica e de fraseo polo menos catro obras durante o curso



- Tocar tendo en conta a importancia da respiración, relaxación, precisión técnica e rítmica e a calidade de son
- Tocar en público polo menos dúas veces en todo o curso con fluidez, unha interpretación persoal do acordo co estilo da obra, gozo e autocontrol para lograr a comunicación co oínte.

Procedementos e ferramentas de avaliación

- Control individual da aprendizaxe mostrado nas clases semanais.
- Seguimento do rendemento, interacción e comportamento en grupo, nas diferentes actividades deseñadas ao efecto.
- Observación do grado de consecución dos obxectivos do curso a través de probas obxectivas deseñadas dende a especialidade.
- Exposición pública do traballo realizado mediante a participación nas audicións.

Criterios de cualificación

- Criterio técnico: 30%
 - Empregar unha axeitada posición corporal na práctica instrumental que posibilite e favorezca a acción relaxada do conxunto brazo-antebrazo-dedos .
 - Conseguir interiorizar as posicións técnicas dos intervalos armónicos e melódicos, pases cos dedos 2, 3 e 4 e as posibles variantes da posición 4321 sempre coa maior calidade de son e incorporándoas nas obras
 - Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión acorde co nivel do alumno.
- Criterio interpretativo: 30%
 - Aplicar nas obras as posicións técnicas traballadas no curso e a calidade do son
 - Interpretar seis obras ou estudos amosando a capacidade de aprendizaxe progresiva e individual.

- Interpretar en público, como solista obras representativas do seu nivel no instrumento, con fluidez, unha interpretación persoal do acordo co estilo da obra, gozo e autocontrol para lograr a comunicación co oínte.
- Interpretar música de conxunto (a condición de que se ofrezca unha clase colectiva no curso)
 - Criterio Actitudinal: 40%
- Interpretar seis obras ou estudos amosando a capacidade de aprendizaxe progresiva e individual.
- Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión acorde co nivel do alumno.
- Interpretar en público, como solista obras representativas do seu nivel no instrumento, con fluidez, unha interpretación persoal de acordo co estilo da obra, gozo e autocontrol para lograr a comunicación co oínte.
- Interpretar música de conxunto (a condición de que se ofrezca unha clase colectiva no curso)

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para solicitar a concesión de ampliación de matrícula nesta materia o alumno deberá demostrar capacidade de traballo para o aproveitamento da ampliación así como ter superados os obxectivos e os contidos do curso na última clase antes da reunión da comisión que elevará dita solicitude ao consello escolar quen poderá conceder a dita ampliación.

6.2.4 Medidas de recuperación

Dado o carácter progresivo da materia, tendo en conta a atención individualizada na mesma e a aplicación da avaliación continua, a recuperación das avaliacións suspensas integrarase dentro das actividades e probas programadas na seguinte avaliación ou poderá contemplar actividades de reforzamento dos aspectos que precisen mellora. Deste xeito, as avaliacións que non foran cualificadas positivamente consideraranse aprobadas se o alumno obtivera cualificación positiva na seguinte avaliación.

Para os alumnos que teñan a materia pendente de cursos anteriores realizarase un plan de traballo específico que contemple os obxectivos e contidos que aínda precisen ser superados ou mellorados e que poderá constar de actividades de reforzo, modificación das probas do curso ou probas complementarias.

Procedementos de recuperación ordinarios

Os alumnos que perderon o dereito á avaliación continua por catro faltas de asistencia sen xustificar segundo se recolle no RRI do centro, terán que facer nas últimas semanas o curso unha proba na que presentarán polo menos os seguintes contidos do apartado mínimos esixibles:

- Empregar unha axeitada posición do corpo e a arpa na práctica instrumental.
- Demostrar o coñecemento dos recursos técnicos e da produción do son básicos na arpa.
- Interpretar un mínimo de catro obras ou estudos incluídos nos recursos didácticos.
- Os criterios de cualificación serán os mesmos que os aplicados para o curso, agás o de interpretar música de conxunto e considerando a interpretación en público ante o profesor asignado para realizar dita proba.

Probas extraordinarias de setembro

Os alumnos que non obtiveron a cualificación positiva na avaliación de xuño poderán presentarse a proba extraordinaria de setembro e deberán presentar os seguintes contidos do apartado mínimos esixibles:

- Empregar unha axeitada posición do corpo e da arpa na práctica instrumental.
- Demostrar o coñecemento dos recursos técnicos e da produción do son na arpa.
- Interpretar un mínimo de catro obras ou estudos incluídos nos recursos didácticos.
- Os criterios de cualificación serán os mesmos que os aplicados para o curso, agás o de interpretar música de conxunto e considerando a interpretación en público ante o profesor asignado para realizar dita proba.

6.2.5 Recursos didácticos

- Golden Harp, D. Bouchard
- Tratado analítico de la técnica y estética del arpa, M.R. Calvo-Manzano
- Complete Method for Harp, H. Renié,
- Grossi Method for the Harp
 - Suzuki Harp School, Vol.1
 - Little Harp Book de M. Grandjany
 - First Grade Pieces for Harp, M. Grandjany & J. Weindsensaul
 - Tiny tales for Harpist Beginners, C. Salzedo
 - Les Plaisirs de la Harpe, H. Geliot,
 - Petite Berceuse A. Hasselmans
 - H. Renie Grandma counts a story

6.3 Curso: 3º Grao Elemental

6.3.1 Obxectivos

- Empregar unha axeitada posición corporal na práctica instrumental que posibilite e favorezca a acción relaxada do conxunto brazo-antebrazo-dedos .
- Seguir desenvolvendo os principios dunha técnica relaxada na arpa
- Entender e practicar o proceso da execución de son e desenvolver o oído musical
- Asimilar bos hábitos de estudo
- Estudar obras de diferentes estilos de acordo co nivel do curso
- Tocar en público gozando da música aplicando os conceptos de técnica relaxada e calidade de son

6.3.2 Contidos

A dixitacion 4-3-2-1 con todas as súas variantes de mans xuntas

A dixitación de 3, 2,1

-Práctica de arpejos, acordes plaqué e arpegiados de tres notas, baseados nos acordes triada en estado fundamental e todos os seus investimentos, con boa calidade sonora, en todas as tonalidades

-Práctica de escalas con pases do terceiro dedo con bo son

A calidade do son

-Interiorización do proceso de produción de son

-Práctica das diferentes dinámicas

-Adestramento dos movementos de relaxación internos e movementos de antebrazo para a prolongación do son

A afinación da arpa

-Desenvolvemento da afinación con aparato e comezo da afinación sin aparato das oitavas agudas e graves, unha vez afinada a oitava central co aparato

-Identificación e corrección das notas desafinadas

Os pedais (a condición de que que o alumno sexa suficientemente alto para tocar no arpa de pedal e non sufra de problemas de costas. Os alumnos que toquen en arpa celta, quedan exentos desta aprendizaxe durante o curso)

-Estudo de exercicios específicos para conseguir unha maior axilidade no cambio dos pedais

As técnicas de expresión e limpeza

-Práctica dos diferentes tipos de acentos

-Práctica da posición etouffe

Os efectos

-Práctica do efecto "per da table"

-Práctica de harmónicos

-Práctica do efecto uña



- Práctica dos glissandos

- Práctica do efecto "son xilófono"

Introducción ao análise formal e estético das obras

- Traballo de todos os conceptos relacionados ao fraseo musical deste estilo: diferenciación de voces, dinámicas e expresión.

Lectura á primeira vista

- Práctica progresiva de lectura á primeira vista de exercicios e obras de complexidade " in crescendo"

A memoria

- Adestramento da técnica de memorización das obras completas

A preparación para a actuación pública

- Traballo mental persoal da comprensión e aceptación do medo escénico

- Práctica do control de respiración en situacións límites

- Práctica da relaxación e inmersión no estado concentración

Música de Conxunto

- Definición e práctica dos conceptos básicos para tocar en grupo

- Análise da obra

- Ensaio de grupo si fora posible a clase colectiva

6.3.3 Avaliación

O profesor avaliará aos seus alumnos tendo en conta os obxectivos, os criterios de avaliación e os mínimos esixibles establecidos nesta programación para o seu curso. A avaliación será continua, cualitativa e integradora e o profesor valorará de forma constante o progreso dos alumnos ao longo de todo o curso, así como as probas realizadas, a súa asistencia e actitude.

Dada a progresividade da materia, a atención personalizada do alumnado na mesma, e a aplicación da avaliación continua, a cualificación en cada trimestre representará a

valoración do progreso realizado ata ese momento. Polo tanto, a cualificación obtida no terceiro trimestre será a cualificación final do curso.

Criterios de avaliación

- Empregar unha axeitada posición corporal na práctica instrumental que posibilite e favorezca a acción relaxada do conxunto brazo-antebrazo-dedos .
- Demostrar o coñecemento dos recursos e técnicas básicas da arpa.
- Dominar a dixitación de 3, 2,1 na práctica de arpexos, acordes plaqué e arpegiados de tres notas, baseados nos acordes triada en estado fundamental e todos os seus investimentos, con boa calidade sonora, en todas as tonalidades e tamén na ráctica de escalas con pases do terceiro dedo con bo son
- Interiorizar as técnicas de expresión e limpeza
- Estudar seis estudos e obras amosando a capacidade de aprendizaxe progresiva e individual.
- Interpretar en público, como solista obras representativas do seu nivel no instrumento, con seguridade e control da situación.
- Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión acorde co nivel do alumno.
- Interpretar música de conxunto. (a condición de que se ofrezca unha clase colectiva no curso)

Mínimos esixibles

- Dominar a dixitación de 3, 2,1 na práctica de arpexos, acordes plaqué e arpegiados de tres notas, baseados nos acordes triada en estado fundamental e todos os seus investimentos, con boa calidade sonora, en todas as tonalidades e tamén na ráctica de escalas con pases do terceiro dedo con bo son
- Estudar e interpretar con precisión rítmica, melódica, armónica e de fraseo polo menos catro obras durante o curso



- Tocar tendo en conta a importancia da respiración, relaxación, precisión técnica e rítmica e a calidade de son
- Tocar en público polo menos dúas veces en todo o curso con fluidez, unha interpretación persoal do acordo co estilo da obra, gozo e autocontrol para lograr a comunicación co oínte.

Procedementos e ferramentas de avaliación

- Control individual da aprendizaxe mostrado nas clases semanais.
- Seguimento do rendemento, interacción e comportamento en grupo, nas diferentes actividades deseñadas ao efecto.
- Observación do grado de consecución dos obxectivos do curso a través de probas obxectivas deseñadas dende a especialidade.
- Exposición pública do traballo realizado mediante a participación nas audicións.

Criterios de cualificación

Criterio técnico: 30%

- Empregar unha axeitada posición corporal na práctica instrumental que posibilite e favorezca a acción relaxada do conxunto brazo-antebrazo-dedos .

- Conseguir interiorizar a dixitación de 3, 2,1 na práctica de arpejos, acordes plaqué e arpegiados de tres notas, baseados nos acordes triada en estado fundamental e todos os seus investimentos, con boa calidade sonora, en todas as tonalidades e tamén na ráctica de escalas con pases do terceiro dedo con bo sone as técnicas de expresión e limpeza

- Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión acorde co nivel do alumno.

▪ Criterio interpretativo: 30%

- Aplicar nas obras as posicións técnicas traballadas no curso e a calidade do son
- Interpretar seis obras ou estudos amosando a capacidade de aprendizaxe progresiva e individual.



- Interpretar en público, como solista obras representativas do seu nivel no instrumento, con fluidez, unha interpretación persoal do acordo co estilo da obra, gozo e autocontrol para lograr a comunicación co oínte.
- Interpretar música de conxunto (a condición de que se ofrezca unha clase colectiva no curso)
 - Criterio Actitudinal: 40%
- Interpretar seis obras ou estudos amosando a capacidade de aprendizaxe progresiva e individual.
- Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión acorde co nivel do alumno.
- Interpretar en público, como solista obras representativas do seu nivel no instrumento, con fluidez, unha interpretación persoal de acordo co estilo da obra, gozo e autocontrol para lograr a comunicación co oínte.
- Interpretar música de conxunto (a condición de que se ofrezca unha clase colectiva no curso)

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para solicitar a concesión de ampliación de matrícula nesta materia o alumno deberá demostrar capacidade de traballo para o aproveitamento da ampliación así como ter superados os obxectivos e os contidos do curso na última clase antes da reunión da comisión que elevará dita solicitude ao consello escolar quen poderá conceder a dita ampliación.

6.3.4 Medidas de recuperación

Dado o carácter progresivo da materia, tendo en conta a atención individualizada na mesma e a aplicación da avaliación continua, a recuperación das avaliacións suspensas integrarase dentro das actividades e probas programadas na seguinte avaliación ou poderá contemplar actividades de reforzamento dos aspectos que precisen mellora. Deste xeito, as avaliacións que non foran cualificadas positivamente consideraranse aprobadas se o alumno

obtivera cualificación positiva na seguinte avaliación.

Para os alumnos que teñan a materia pendente de cursos anteriores realizarase un plan de traballo específico que contemple os obxectivos e contidos que aínda precisen ser superados ou mellorados e que poderá constar de actividades de reforzo, modificación das probas do curso ou probas complementarias.

Procedementos de recuperación ordinarios

Os alumnos que perderon o dereito á avaliación continua por catro faltas de asistencia sen xustificar segundo se recolle no RRI do centro, terán que facer nas últimas semanas o curso unha proba na que presentarán polo menos os seguintes contidos do apartado mínimos esixibles:

- Empregar unha axeitada posición do corpo e a arpa na práctica instrumental.
- Demostrar o coñecemento dos recursos técnicos e da produción do son básicos na arpa.
- Interpretar un mínimo de catro obras ou estudos incluídos nos recursos didácticos.
- Os criterios de cualificación serán os mesmos que os aplicados para o curso, agás o de interpretar música de conxunto e considerando a interpretación en público ante o profesor asignado para realizar dita proba.

Probas extraordinarias de setembro

Os alumnos que non obtiveron a cualificación positiva na avaliación de xuño poderán presentarse a proba extraordinaria de setembro e deberán presentar os seguintes contidos do apartado mínimos esixibles:

- Empregar unha axeitada posición do corpo e da arpa na práctica instrumental.
- Demostrar o coñecemento dos recursos técnicos e da produción do son na arpa.
- Interpretar un mínimo de catro obras ou estudos incluídos nos recursos didácticos.
- Os criterios de cualificación serán os mesmos que os aplicados para o curso, agás o de interpretar música de conxunto e considerando a interpretación en público ante o profesor asignado para realizar dita proba.



6.3.5 Recursos didácticos

B. Andres Friandises

M.R. Calvo-Manzano, Tratado analítico de la técnica y estética del arpa

Lariviere: Exercises and etudes for the harp

H. Renie, Complete Method for Harp

H. Geliot, Les Plaisirs de la Harpe

Suzuki Harp School, Vol 2

M. Grandjany, Little Harp Book

B. Andres, Aquatintes & Les Petit Pas

M. Dilling, Old Tunes for New Harpist

J. Mayhew, A Children's Story

6.4 Curso: 4º Grao Elemental

6.4.1 Obxectivos

- Empregar unha axeitada posición corporal na práctica instrumental que posibilite e favorezca a acción relaxada do conxunto brazo-antebrazo-dedos .
- Seguir desenvolvendo os principios dunha técnica relaxada na arpa
- Dominar as posicións da dixitación 4, 3, 2,1 na práctica de arpejos, acordes plaqué e arpegiados de catro notas, baseados nos acordes de sétima en estado fundamental e todos os seus investimentos, cunha boa calidade sonora e tamén as escalas con pases do cuarto dedo cun bo son
- Entender e practicar o proceso da execución de son e desenvolver o oído musical
- Asimilar bos hábitos de estudo
- Estudar obras de diferentes estilos de acordo co nivel do curso
- Tocar en público gozando da música aplicando os conceptos de técnica relaxada e calidade de son



6.4.2 Contidos

A dixitación de 3, 2,1

-Práctica de arpexos, acordes plaqué e arpegiados de tres nota, baseados nos acordes triada en estado fundamental e todos os seus investimentos, con boa calidade sonora e práctica de escalas con pases do terceiro dedo con bo son

A dixitación 4, 3, 2,1

-Práctica de arpexos e acordes plaqué de catro notas, baseados nos acordes de sétima en estado fundamental e todos os seus investimentos, cunha boa calidade sonora

A calidade do son

- Interiorización do proceso de produción de son
- Práctica das diferentes dinámicas
- Adestramento dos movementos de relaxación e prolongación do son

A afinación da arpa

-Desenvolvemento da afinación sen aparato das oitavas agudas e graves, unha vez afinada a oitava central co aparato

-Identificación e corrección das notas desafinadas correspondentes a calquera dos rexistros da arpa

Os pedais (a condición de que que o alumno sexa suficientement alto para tocar no arpa de pedal e non sufra de problemas de costas. Os alumnos que toquen en arpa celta, quedan exentos desta aprendizaxe durante o curso)

-Estudo de exercicios específicos para conseguir unha maior axilidade no cambio dos pedais

As técnicas de expresión e limpeza

- Práctica do picado, picado-ligado e legato
- Práctica dos diferentes tipos de acentos
- Práctica da posición etouffe



Os efectos

- Práctica do efecto "per de la table"
- Práctica de harmónicos
- Práctica do efecto uña
- Práctica dos glissandos
- Práctica do efecto "son xilófono"

Os estilos Barroco, Clasicismo, Romanticismo, Impresionismo e Seculo XX

- Análise formal e estéticos das obras
- Traballo de todos os conceptos relacionados ao fraseo musical deste estilo: diferenciación de voces, dinámicas e expresión.
- Interpretación dunha ou dúas obras correspondentes a este estilo
- Audicións de obras deste estilo interpretadas por grandes músicos

A memoria

- Adestramento da técnica de memorización das obras completas

